



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. FERNANDO VILAR DÍAZ

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D. Francisco Javier Bouza Bermúdez, D.^a Olga María Blanco Teijeiro, e D.^a Delia Paz Ardao.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 26 DE XANEIRO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e seis de xaneiro de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. INFORME DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2014. DAR CONTA

A petición do Sr. Alcalde-Presidente, polo Secretario - interventor do Concello dase conta do informe de execución orzamentaria correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2014 que foi remitido á oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais o día 27.01.2015.

Do informe de secretaría - intervención que acompaña ao expediente destacan os seguintes aspectos:

1º. O Concello da Capela cumpre no 4º trimestre do exercicio 2014 co obxectivo de estabilidade orzamentaria acadándose un superávit que ascende á cantidade de 39.602,50€.

2º. O Concello da Capela cumpre coa regra de gasto.

3º. O Concello da Capela cumpre co nivel de débeda, que na actualidade é de 0 €.

Toda esta información subminístrase ao abeiro do establecido na Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira así como a orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na lei mencionada anteriormente.

O Pleno da corporación queda enterado.

3. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA

Dase conta dos decretos e resolucións da Alcaldía dende o día 16 de decembro de 2014 ata o 20 de febreiro de 2015, que de seguido se relacionan:

DECEMBRO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.12.2014, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.12.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.12.2014, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 17 de decembro de 2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. David Regueiro Salido en O Pazo, 9 (A Capela).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.12.2014, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.12.2014, aprobación facturas-pago.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.12.2014, concesión de dous días por asuntos propios á Secretaria do Xulgado Dna. María Celia Couce Moreira, día 26 de decembro e 2 de xaneiro de 2015.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.12.2014, concesión de días por vacacións e asuntos propios á Traballadora Social Dna. María América Uceira Criado.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22 de decembro de 2014, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Oscar Andrés Antón Vila en Vilasuso, 6 (A Capela).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 26.12.2014, concesión de días por vacacións pendentes á auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Dna. Elsa Gómez López, os días 29 - 30 - 31 de decembro e 2 de xaneiro de 2015.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 26.12.2014, concesión de vacacións a Bibliotecaria Municipal Dna. María Isabel Franco Rodríguez dende o día 7 de xaneiro ata o día 17 do mesmo mes de 2015 (ámbalas datas inclusive).
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 29.12.2014, concesión de días de vacacións á auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar Dna. María Cristina Rodríguez Sanmartín, os días 5 - 7 e 8 de xaneiro de 2015.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 29.12.2014, aprobación expediente para a licitación e contratación da obra denominada "**Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa**", incluída nun convenio coa Deputación Provincial.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 30.12.2014, aprobación proxecto da obra denominada "**Mellora de camiños municipais: Augas Roibas, Vilarón e outros**", incluída no Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 30.12.2014, concesión de dous días por asuntos propios á funcionaria Dna. Josefina Fernández Ferreira, os días 2 e 5 de xaneiro de 2015.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 30.12.2014, concesión da tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a D. Arturo Pérez López.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 31.12.2014, aprobación gasto.

XANEIRO:

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 2.01.2015, cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes de D. Francisco Javier Calvo Seco, de Os Enxertados, 1 a A Buiña, 14.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.01.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.01.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.01.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 05.01.2015, aprobación facturas-pago.

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 02.02.2015 contratación da subministración de "Aplicacións informáticas de recadación", mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Wurth, S.L.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 5 de xaneiro de 2015, concesión de días de vacacións pendentes exercicio 2014 ao funcionario municipal, D. Jesús Franco Rodríguez, do 7 ao 11 de xaneiro.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2015, vacacións o traballador municipal D. Manuel Angel Corbeira Barreiro dende o día 12 de xaneiro ata o día 10 de febreiro de 2015.
- **RECLAMACIÓN PATRIMONIAL:** Resolución da Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2015, reclamación por responsabilidade patrimonial das administracións forente ao Concello da Capela.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 10 de xaneiro de 2015, aprobación padrón fiscal taxa por prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2015.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 12.01.2015, aprobación gasto.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 14.01.2015, concesión da prestación do Servizo de Axuda a Domicilio Municipal Municipal a D. Rosendo Seijo Meizoso.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 14.01.2015, concesión da tarxeta municipal de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a D. Juan Bouza Balsa.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.01.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 16.01.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.01.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.01.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2015, prórroga do contrato de traballo da secretaria do Xulgado de Paz.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, incremento do IPC para o exercicio 2015 nos contratos de prestación de servizos á empresa Vázquez Garzón, S.L. pola prestación do servizo de recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, incremento do IPC para o exercicio 2015 nos contratos de prestación de servizos de Axuda no Fogar a persoas valoradas como dependentes coa empresa Servicios Sociais Virxe do Carmen, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, incremento do IPC para o exercicio 2015 nos contratos de prestación de servizos de monitores para as Escolas Deportivas Municipais e socorrismo da piscina municipal coa empresa Sedega, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, incremento do IPC para o exercicio 2015 nos contratos de prestación de servizo de limpeza dos inmobles de titularidade municipal coa empresa **Limpiezas La Unión-Alberto López Vázquez.**

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, incremento do IPC para o exercicio 2015 nos contratos de prestación de servizo de docencia musical na Escola Municipal de Música coa empresa Immgma Música, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, incremento do IPC para o exercicio 2015 nos contratos de prestación de servizo de mantemento da iluminación públbica coa empresa Electricidad Javier y Oscar, S.C.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.01.2015, prórroga do contrato de traballo da bibliotecaria-arquiveira polo período de 12 meses á Dna. María Isabel Franco Rodríguez.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.01.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.01.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 20.01.2015, aprobación expediente para a licitación e contratación da obra denominada "**Mellora de camiños municipais de Augas Roibas, Vilarón e outros**".
- **CONTRATACIÓ:** Resolución da Alcaldía de data 20.01.2015, contratación do Grupo Banda Orquestra Charamela dentro da Rede Cultural da Deputación Provincial da Coruña ano 2014.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 21.01.2015, aprobación bases que rexerán a convocatoria para as subvención de actividades culturais e deportivas e dotación de infraestructuras durante o ano 2015.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 21.02.2015, contratación do servizo de "**Control da calidade da auga da piscina municipal**", coa empresa Biocontrol e Calidade Alimentaria, S.L.U.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 21.02.2015, contratación do servizo "Mantemento do elevador do centro social", mediante o procedemento de contrato menor coa empresa Levagalía Elevadores, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 21.02.2015, contratación do servizo de "Adaptación do elevador do centro social" mediante o procedemento de contrato menor coa empresa Levagalía Elevadores, S.L.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 21.01.2015, contratación do servizo de "Control da calidade da auga de consumo humano" mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 21.01.2015, solicitude de subvención á Demarcación Territorial da Consellería de Traballo e Benestar na Coruña, por importe de 12.000 €, ao abeiro da orde do 23 de decembro de 2014.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.01.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Diego Pita Marcos en A Teixeira, 8.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 22.01.2015, alta no padrón municipal de habitantes de Dna. Carmen María Fernández Permuy e D. Diego Pita Fernández, en A Teixeira, 8.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 23.01.2015, adjudicación da obra "Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa", á oferta presentada pola empresa Transportes y Excavaciones Jesús Cancelo Fernández y otro SPC.

- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 23.01.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Noemí Parga López en O Poboado, 4 (A Capela).
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 26.01.2015, aceptación cambio de titularidade no contrato número 53 do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga que figuraba a nome de María Luz Bouza Campos en favor de María José Naveira Bouza.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 27.01.2015, cambio de domicilio de D. Julio Pico Porta de Sande, 7 a Sande 10, no Padrón Municipal de Habitantes.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 29.01.2015, concesión do período de vacacións ao funcionario municipal D. Jesús Franco Rodríguez dende o día 9 de febreiro de 2015 ata o día 22 do mesmo mes (ámbalas datas inclusive).
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.01.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 30.01.2015, aprobación facturas-pago.

FEBREIRO:

- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 02.02.2015, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de ensino na Escola Municipal de Música correspondente ao mes de xaneiro de 2015.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 02.02.2015 contratación da subministración de "Aplicacións informáticas de recadación", mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Wurth, S.L.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 02.02.2015, concesión ampliación prestación servizo de Axuda a Domicilio Municipal a D. Rosendo Seijo Meizoso.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.02.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 03.02.2015, contratación do servizo de "Control de verquidos no vertedoiro municipal", mediante o procedemento de contrato menor, coa empresa Biocontrol y Calidad Alimentaria, S.L.U.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.02.2015, aprobación gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 04.02.2015, aprobación facturas-pago.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 5 de febreiro de 2015, adjudicación obra "Mellora de camiños municipais: Augas Roibas, Vilarón e outros" á oferta presentada pola empresa Ágada Occidente, S.L.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 06.02.2015, nomeamento de Tesoureira accidental da funcionaria municipal Dna. Olga Galdo López na ausencia do seu titular D. Jesús Franco Rodríguez dende o 9 de febreiro ata a incorporación do mesmo.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 06.02.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Merita Meizoso Pico en A Teixeira, 9 (A Capela).

- **PADRÓS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 11.02.2015, aprobación padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xaneiro de 2015.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.02.2015, aprobación facturas-pago.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 16.02.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. Lucía Redruello Martín e Dna. Marta Redruello Martín en Outeiro, 3 (A Capela).
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 18.02.2015, aceptación bases da convocatoria e os compromisos da convocatoria do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais para o exercicio 2015.
- **SUBVENCIONS:** Resolución da Alcaldía de data 18.02.2015, nomeamento de D. Manuel Meizoso López como representante do Concello para as relacións do Deputación Provincial na convocatoria do programa de socorrismo 2015.
- **CONTABILIDADE:** Resolución da Alcaldía de data 18.02.2015, aprobación da cancelación e devolución do aval definitivo presentado por Ágada Occidente, S.L. para a obra denominada "Mellora dos camiños municipais do Pousadoiro e outros".
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 18.02.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de Dna. María Amparo Calvo Permuy, en Estoxa, 4.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 20.02.2015, alta no Padrón Municipal de Habitantes de D. Rogelio López Loureiro, en Estoxa, 4.

Polo voceiro de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, pregúntase ao Alcalde-Presidente sobre o decreto de contratación referente á obra denominada "Mellora de camiños municipais de Augas Roibas, Vilarón e outros", e en concreto a qué plan corresponde.

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndaselle que estas obras son financiadas agás o IVE pola Xunta de Galicia, no denominado Programa de mellora de camiños de titularidade municipal que se corresponde co antigo PEIM.

O Pleno queda enterado.

4. MOCIONS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS

Dase conta da moción presentada polos grupos municipais do PS de G - PSOE, do PARTIDO POPULAR E ALTERNATIVA INDEPENDIENTE DE A CAPELA que copiada literalmente di:

"Os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, do PARTIDO POPULAR e ALTERNATIVA INDEPENDIENTE de A CAPELA, presentan para o seu debate e aprobación no Pleno Ordinario do día 28 de febreiro de 2015, a seguinte

MOCIÓN

O 11 de agosto de 1997 publicábase no Diario Oficial de Galicia (DOG), o Decreto 218/1997, do 30 de xullo, polo que declarábanse Parque Natural ás Fragas do Eume.

Nese documento, establecíase nos artigos 4º e 5º a necesidade de elaborar por parte da administración un Plan de Ordenación dos recursos naturais así coma un Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUG), a fin de regular os usos dos recursos naturais, as actividades que incidan ou poidan incidir neles, e o destino das instalacións existentes. Concretamente no punto 2 do artigo 5º dicía:

2. Dicho plan rector tendrá una vigencia de cinco años y deberá revisarse al finalizar este plazo, o antes, si fuera necesario, e incluirá:

a) Las directrices específicas de ordenación y uso del parque natural.

b) Las normas de gestión y las actuaciones necesarias para la conservación y protección de sus valores naturales y para garantizar el cumplimiento de las finalidades de investigación e interpretación de los fenómenos naturales, educación en el conocimiento de la naturaleza, así como uso y disfrute por los visitantes.

c) Las normas oportunas para la utilización racional de los recursos naturales y la ejecución de las actuaciones precisas para el mantenimiento del equilibrio ecológico y, en especial:

-Las pautas para la creación de líneas de fomento y promoción de las actividades agrícolas, así como de otras actividades económicas compatibles con la conservación del parque natural.

-La puesta en marcha de una línea de adquisición o permuta de los terrenos ocupados por el bosque, dentro del espacio del parque natural.

-La creación de líneas de incentivación para la sustitución de las masas de eucaliptos situadas en el interior del parque natural por otras formaciones arbóreas autóctonas.

-La creación de líneas que fomenten la participación, directa o indirecta, de los propietarios, en las labores de conservación, gestión y creación del bosque

Xa por aquel entón, os propietarios dos terreos, uns 2.000, aos que pertence o 80% da superficie declarada como Parque Natural, manifestaran o seu desacordo e malestar polo feito de que non se contemplara ningún tipo de compensación económica polos cambios que afectaban a cada unha das súas parcelas, no que a usos, plantacións, etc, se refire.

18 anos máis tarde, cando a administración autonómica pretende aprobar un novo Plan Reitor de Usos e Xestión, os propietarios volven a botar en falta que no citado documento se inclúan as aportacións, propostas, condicións e necesidades que viñeron achegando ao logo de todos estes anos en multitude de xuntas consultivas.

Cabe destacar que nos Plans Reitores doutros Parques Naturais do estado Español, contémpanse medidas compensatorias para os propietarios. Sirva como exemplo, o do Parque Natural de Gorbeia, no País Vasco, que no seu Anexo I, establece unha serie de compensacións para os propietarios do mesmo. Di no punto 5.2 o seguinte:

"Con el fin de paliar la pérdida de rentabilidad financiera que conllevaría un cambio de un proyecto forestal determinado por otro menos rentable (menor Tasa Interna de Rentabilidad, TIR), como podría ser el cambio en determinados lugares de plantaciones forestales de crecimiento rápido o medio por plantaciones con especies de crecimiento lento, se debe tratar de establecer un sistema complementario de compensación monetaria. "

Nese documento inclúense unha serie de táboas nas que se establecen as compensacións a percibir por parte dos propietarios dos terreos afectados polas restricións de usos:

"Se ofrece en las tablas adjuntas las compensaciones que deberían acompañar a las plantaciones de 1 ha con distintas especies.,. "

"Tabla I. Compensación inicial para obtener la misma rentabilidad que en un proyecto de P. radiata (calidad 2)

<i>Especie</i>	<i>TIR(%)</i>	<i>Compensación (euros/ha)</i>
<i>P. radiata (calidad 2)</i>	<i>4,87 -</i>	
<i>Pseudotsuga menziesii</i>	<i>3,54</i>	<i>1. 519</i>
<i>Pinus nigra ssp laricio</i>	<i>3,27</i>	<i>1. 722</i>
<i>Quercus rubra</i>	<i>3,15</i>	<i>1.953</i>
<i>Fagus sylvatica</i>	<i>2,30</i>	<i>1.879</i>

Así mesmo, no seu apartado 5.3, titulado "Otras Compensaciones" establece a necesidade de poner en marcha outras compensacións económicas para evitar a discriminación entre os propietarios dos montes que integran o Parque e os que están fora. Di:

La aplicación de un pequeño conjunto de Normas del Parque sí debería ir acompañado de distintas compensaciones económicas, dada la discriminación que conlleva para un propietario el hecho de que en el Parque se aplique una normativa más restrictiva que fuera de él y con vistas a favorecer la integración de estos propietarios en la gestión del Parque,

Queda claro polo tanto, que ao non incluírse no borrador do Plan Reitor (e de non fácelo no documento definitivo) as demandas realizadas neste senso polos propietarios, estase a xerar un agravio comparativo entre o que quere facer a Xunta aos donos dos terreos das Fragas do Eume con respecto aos de outros espazos desta mesma natureza noutros territorios do estado, coma o País Vasco, Asturias ou Canarias, onde, como puidemos ver, os Plans de Usos sempre van acompañados de compensacións económicas.

É por este motivo que os propietarios solicitaron aos representantes da Consellería de Medio Ambiente a retirada do actual proxecto de usos e xestión deste espazo natural, para que fora substituído por outro no que se recolleran as compensacións económicas que cada un deles recibirá polas imposicións que se lles realizan nas súas propiedades e os cambios que afectan a cada unha das súas parcelas.

Non podemos esquecer que o citado documento imporá para estas persoas unha serie de restricións, como a prohibición de plantar determinadas especies forestais, repoboar con outras, por ter que pedir autorizacións de todo tipo onde antes non era necesario, pola prohibición de utilizar "desbrozadoras mecánicas", etc

Tampouco podemos obviar o feito de que as propostas realizadas polas Asociacións de propietarios non son de agora, senón que levan 18 anos trasladándoas ás distintas administracións gobernadas no seu momento por diferentes partidos, polo que non se trata dunha cuestión política, máis alá de que lóxicamente a decisión corresponde aos políticos, senón de xustiza.

E por iso, que dende os Grupos Municipais que presentamos esta moción entendemos que dende o Concello de A CAPELA, en defensa dos intereses dos veciños e veciñas aos que representamos, deberíamos apoiar as reivindicacións dos propietarios dos montes e parcelas do Parque Natural das Fragas do Eume, para que dende a Consellería de Medio Ambiente inclúan no documento final do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUG) deste espazo, un anexo no que se contemplan unha serie de compensacións económicas para os mesmos.

Por todo o anteriormente exposto, os Grupos Municipais do PSdeG-PSOE, do PARTIDO POPULAR e ALTERNATIVA INDEPENDIENTE de A CAPELA a través dos seus voceiros proponen ó Pleno do Concello de A Capela a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- 1. O Concello de A CAPELA apoia as reivindicacións trasladadas polas dúas Asociacións que representan aos propietarios dos montes e parcelas do Parque Natural das Fragas do Eume á Consellería de Medio Ambiente, no que á inclusión no Plan Reitor de Usos e Xestión se refire, de compensacións económicas para os mesmos.**

2. **O Concello de A CAPELA solicita á Xunta de Galicia que inclúa no Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume un anexo que contemple as compensacións económicas que percibirán os propietarios dos montes e parcelas do citado parque, polas restricións de usos, plantacións, etc, contempladas no citado documento."**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que a moción que se presenta foi consensuada cos Grupos Municipais do Partido Popular, e AIAC, dí que é unha moción que se presentou noutros concellos co mesmo tenor literal e foi apoiada maioritariamente e.

En resume a moción recolle na súa parte resolutiva dous puntos que falan do apoio aos veciños e que se establezan compensacións no PRUG.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que tal como lle propuxo ao Alcalde no momento da redacción da moción, propónlle ao pleno que a mesma debe contemplar que na elaboración do borrador do PRUX estén representados tanto o Concello da Capela como os veciños e ao mesmo tempo hai que mellorar a cartografía.

Dí que na actualidade o que hai é un borrador e que deben de facerse as cousas con sensatez e deixar de politizalas.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que está claro que hai unha serie de normas que se lle queren impoñer aos propietarios sen contar dos mesmos. Dí que a moción ao seu xuízo é clara e polo tanto ese é o motivo polo que o seu grupo municipal a apoia.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Fernando Vilar Díaz, dise que os concellos deben participar activamente no proceso de redacción do PRUG.

Polo Sr. Alcalde-Presidente lémbrese que a Xunta Consultiva vén funcionando hai 18 anos e que os seus membros levan fitas moitas aportacións e reivindicacións ás consellerías competentes, e que sempre estivo encima da mes a necesidade de revisión da planimetría e dun estudio económico financeiro que contemplara as compensacións aos propietarios. Dí que se debe seguir pelexando para apoiar aos veciños nas súas demandas, aínda que dende a Xunta de Galicia se intente excluír a certos alcaldes e neste senso fala das xuntanzas celebradas coa Consellería de Medio Ambiente en Narón e Cabanas ás que non foron invitados os Alcaldes de As Pontes e da Capela.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reitérase que el está a pedir a participación no borrador tanto dos Alcaldes coma dos veciños, xa que considera excesiva a representación dos ecoloxistas e dos funcionarios que son os que máis representación teñen no Consello Consultivo.

Propón ao Pleno a enmenda da moción, engadindo dous puntos máis.

3º. Que na elaboración do Borrador do PRUG estea o representante legal do Concello da Capela e unha representación dos veciños.

4º. Que se proceda á revisión da cartografía.

Todos os grupos municipais mostránsese a favor da enmenda proposta polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

Único. Aprobar a moción presentada polos Grupos Municipais do PS de G- PSOE, Partido Popular e AIAC enmendada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que na súa parte resolutiva contén o seguinte acordo:

1º. O Concello de A CAPELA, apoia as reivindicacións trasladadas polas dúas Asociacións que representan aos propietarios dos montes e parcelas do Parque Natural das Fragas do Eume á Consellería de Medio Ambiente, no que a inclusión no Plan Reitor de Usos e Xestión se refire, de compensacións económicas para os mesmos.

2º. O Concello de A CAPELA, solicita á Xunta de Galicia que inclúa no Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume, un anexo que contemple as compensacións económicas que percibirán os propietarios dos montes e parcelas do citado parque, polas restricións de usos, plantacións etc contempladas no citado documento.

3º. Que na elaboración do Borrador do Plan Reitor de usos e xestións do Parque Natural das Fragas do Eume (PRUG) estea o representante legal do Concello da Capela e unha representación dos veciños.

4º. Que se proceda á revisión da cartografía.

5. ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José Ao Meizoso Paz